



12 de xuño de 2008

Curso 2007/08 nº 30

boletin@edu.xunta.es



# Boletín Informativo

En páxinas seguintes:

<i>Menús saudables no comedor escolar</i>	2
<i>Presentación de “Medrando sans”</i>	2
<i>IV Congreso de educación matemática AGAPEMA</i>	2
<i>Premios IRENE</i>	2

## *Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario escolar*

Orde do 26 de maio de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos

públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.

Preténdese potenciar unha maior dispoñibilidade dos centros escolares para o de-

senvolvemento de actividades que incidan no éxito escolar e promovan estilos de vida saudables e deportivos.

[Máis información](#)

## *Implantación de xornada lectiva única ou mixta*

Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil

e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.

[Máis información](#)

## *Actualización da oferta de ciclos formativos*

Orde do 2 de xuño de 2008 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públi-

cos da Comunidade Autónoma de Galicia.

[Orde no DOG](#)



**Proxecto educativo**

**E por que?**



## *Programa CUALE 2008-09*

Os centros que queiran participar no programa CUALE a partir do vindeiro curso deben presentar a súa solicitude ao abeiro da Orde do 1 de xuño de 07 (DOG do 12 de xuño). O prazo de presentación de solicitudes remata o día **30 de xuño**.

A renovación de autorización para os centros que xa están a participar no plan é automática. Polo tanto, estes centros non deberán presentar solicitude de participación, excepto no caso de que queiran solicitar unha modalidade para a que non están autorizados. Porén, deberán remitir antes

do 30 de xuño unha memoria de participación, así como as actas finais, á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. O modelo de memoria pódese atopar no web de linguas estranxeiras.

[Máis información](#)



### *Menús saudables no comedor escolar*

Presentado o material *Menús saudables no comedor escolar*. Os centros educativos recibirán un CD-Rom, que inclúe recomendacións para os educadores e para o alumnado, así como instrucións para a elaboración de menús (primeiro prato, segundo prato e sobre-

mesa), e tamén centos de receitas para conseguir unha dieta rica en enerxía, nutrientes e diversidade de alimentos.



### *Medrando sans*

Presentado o material *Medrando sans: de bocado en bocado, de xogo en xogo*, guía didáctica para fomentar hábitos saudables no alumnado de EI e que será remitido aos centros xun-

to cos 12 contos que se exemplifican na guía.



### *IV congreso de educación matemática de AGAPEMA*

A asociación galega de profesores de educación matemática organiza o IV congreso de educación matemática os días 26, 27 e 28 de xuño no IES Francisco Aguiar (Betanzos). Os interesados atoparán toda a información no web de AGAPEMA : Convocatoria, programa e posibilidade de inscrición vía web.

<http://www.agapema.com>



### *Nais e pais educando en igualdade*

O día 21 de xuño celebráranse as novenas xornadas de Nais e país educando en igualdade, organizadas polo servizo galego de igualdade. A liña temáti-

ca deste ano xira ao redor dos afectos, as emocións e a sexualidade na infancia e na adolescencia. Pode consultar-

se o programa completo desde o [portal valora](#).



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

Ata a fin de xuño segue aberto o prazo para presentación de traballos aos “Premios Irene: la paz empieza en ca-

### *Premios IRENE*

sa” . A convocatoria publicouse no BOE do 28 de abril.

[Máis información](#)

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*

*O liberespazo: [acceso](#)*

*Unidade de muller e ciencia: [acceso](#)*

## Webs temáticas

**Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



**Plan Valora**  
<http://www.edu.xunta.es/valora>



**Mupegas**  
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



**Linguas estranxeiras**  
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



**Rede TIC de Centros**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_tic](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic)



**Bibliotecas escolares**  
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



## Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)